



XXIII RUTA CHAIREGA

(e proximidades)

Andando as terras de **VILASANTAR**

RUTA DOS MUÍÑOS DO REGO DAS GÁNDARAS

DOMINGO 4 DE OUTUBRO DE 2026

SAÍDA ÁS 9:00

ARREDORES DA CASA DA CULTURA

O IESCHA organiza a **XXIII Ruta Chairega “RUTA DOS MUÍÑOS DO REGO DAS GÁNDARAS”** por terras de **VILASANTAR**, prevista para o **domingo 4 de outubro de 2026**.

PROGRAMA

A saída de Vilalba, dende os arredores da Casa da Cultura, producirase ás **9:00 horas**. A continuación, viaxe **Vilalba-Vilasantar** para dende **A Ponte do Sapo** dar comezo ao recorrido da “**RUTA DOS MUÍÑOS DO REGO DAS GÁNDARAS**”, acompañados nesta ocasión por **Xosé Manuel Felpeto** e **Xesús Bermúdez**, sempre con interesantes e atinadas observacións.

DESCRICIÓN. - Esta é unha ruta de dificultade moderada sen grandes dificultades para o sendeirista. Arranca na Ponte do Sapo a beira do río Cabalar, afluente do Tambre, a unha distancia de 1,5 Km daríamos co río principal, Tambre, máis cunha pequena central hidráulica para coller uns metros máis adiante o rego das Gandara ata o final da ruta. Dentro do noso recorrido, 6 Km aproximadamente atoparemos a fervenza de Bezonzo así como o complexo etnográfico do mesmo nome de gran beleza natural como patrimonial e cunha conservación perfecta. Ata o final da ruta iremos vendo unha cantidade de muíños con distinto estado de conservación, aproximadamente uns 20, amparados por unha vexetación variada e autóctona de gran beleza.

Distancia da ruta – **12 Km (ida e volta)**

Dificultade - **fácil**

Unha vez rematada a ruta, dirixirémonos a **Sobrado dos Monxes** onde terá lugar o xantar no **Restaurante REAL**, sobre as **15:00 horas**. MENÚ: **CALLOS/ENSALADILLA/CARNE ASADA/POSTRE/CAFÉ**

Despois de xantar, haberá tempo para unha visita libre ao **Monasterio de Sobrado dos Monxes**.

Rematada a visita, regresaremos a **Vilalba**.

A cuota que haberá que pagar será: SOCI@S **35€** - NON SOCI@S **40€** (inclúe autobús e xantar).

As persoas interesadas poderán apuntarse ata o **mércores 30 de setembro**, como data tope improrrogable, ben enviando unha mensaxe á conta de correo electrónico do Iescha, estudoschairegos@gmail.com, ben contactando persoalmente ou por teléfono con calquera membro da súa Xunta Directiva, facendo constar, de ser o caso, calquera circunstancia que se considere oportuno sinalar.

(Algúns teléfonos: **686-451501/651-361628**).